

28. FEITOS POSTERIORES AO PECHE

1.- Evolución das dotacións ás provisións por responsabilidade contabilizadas no exercicio 2016.

No exercicio 2016 dotáronse provisións para responsabilidades, segundo o informado no apartado 4 da Memoria e se reflicte cuantitativamente no apartado 16 da mesma. Á data actual aínda non se reflectiron contablemente as sentenzas firmes derivadas de ditas provisións no estado de gastos do orzamento.

Por outra banda, aboáronse contías dotadas en concepto de achegas comprometidas do capítulo 4 de gastos, a favor da UTE Autobuses Urbanos de Lugo SA y TRAPSA SA, que quedaron en fase de gasto comprometido no exercicio 2016, procedendo con data de xullo de 2017 ao recoñecemento das obrigas derivadas da liquidación da subvención ao transporte colectivo urbano do exercicio 2016.

No mes de maio do 2017 se rexistra en FACE factura rectificativa nº R00100450001 datada no documento o 2 de decembro de 2016, que anula a que tivera entrada en 2016 e factura nº 001004500004 con data 26 de maio de 2008, emitidas pola mercantil EXTRACO Construccións S.A. en relación ao contrato suscrito ca empresa no ano 2005, para execución do proxecto de construción dun novo parque comarcal de bombeiros en Salgueiriños (obra inconclusa. Sentenza de data 29/6/ 2016 en procedemento ordinario 515/2013). Resta pendente a situación derivada do "recurso de aclaración" formulado ao respecto do IVE (Acordo de Xunta de goberno local de data 30/12/2016), téndose dotada unha provisión para responsabilidades pola contía estimada do 16% no exercicio 2016, tal como se expón nos apartados 3 e 4 da Memoria.

3.-Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento

As facturas pendentes de imputar ao orzamento a 31 de decembro de 2015 ascendían a 1.523.517,55 €. Á data actual, o saldo da conta 413 rebaixouse a 1.322.716,35 euros, ben sexa por pagamento ou por anulación dos documentos que constituían o seu soporte documental.

Tramitáronse dous expedientes de modificación de crédito, crédito extraordinario 03 e suplemento de crédito 02, nos que se dotou de crédito para a aplicación a orzamento das operacións pendentes e imputadas á conta 413 nalguna das súas subdivisionarias, financiándose con remanente líquido de tesourería para gastos xerais reflectido na liquidación.

4.- Remanente líquido de tesourería reflectido na liquidación de 2016

O Pleno da Corporación aprobou dous expedientes de modificación de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 7.544.712,12 euros, o expediente 2017/CREXT/03 por importe de 2.046.350,89 euros, e o expediente 2017/SUPLE/02 por importe de 5.498.361,23. Neste último contéplase crédito para amortización anticipada de débeda por importe de 2.638.036,49 euros. Outras finalidades contempladas nos citados expedientes son a financiamento de Investimentos Financeiramente Sostibles e a habilitación de crédito para facer fronte a acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento a 31/12/2016 e pagamentos pendentes de aplicar a orzamento.

Ditos expedientes tramitáronse ao abeiro dos artigo 32 e disposición adicional 6ª da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e a disposición adicional 16ª do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais. Consta informe de intervención nº 520/2017 ao respecto.

5.-Ingresos pendentes de aplicación, pagos pendentes de aplicación

A 31/12/2016 os ingresos pendentes de aplicación ascenderon a **673.818,55** euros, os cales van sendo aplicados en 2017 a medida que dispoña información a súa orixe.

A 31/12/2016, o importe dos pagamentos pendentes de aplicación, especialmente derivados do sistema de pagamento consistente en domiciliacións bancarias naqueles supostos excepcionais nos que se mantén, ascendía a 28.220,35 euros, os cales deberán ser aplicados ao orzamento mediante o procedemento previsto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.